

O PSOE APROBA O RESCATE FINANCEIRO DE CUNTIS E UNHA SUBA DE IMPOSTOS NUN PLENO MERCADO POLO AUTORITARISMO E OS MALOS MODAIS DO ALCALDE

- *Os veciños e as veciñas de Cuntis teremos que pagar cunha suba de impostos a demencial xestión económica do PSOE, que acumula facturas sen pagar cunha vinculación directa coa precampaña electoral de 2019.*
- *O pasado luns 21 o PSOE aprobou a subscripción dun préstamo por máis de 608.000 €, que responde a unha parte da débeda xerada ata o 1 de xullo de 2021. Foron rexeitadas máis de cen facturas por valor de case 70.000 € e está aínda sen pechar o exercicio 2021.*
- *Mención especial hai que facer do comportamento exhibido polo Alcalde cando, unha vez máis, suprimiu a quenda de réplica aos grupos da oposición. Non é a primeira vez que o Señor Campos demostra un autoritarismo de corte machista realmente impresentable nas sesións plenarias.*

Cuntis, 25 de marzo de 2022

A Lei de Orzamentos Xerais do Estado deste 2022 obriga aos municipios que superen o Período Medio de Pago e manteñan débedas con provedores a adherirse a un fondo extraordinario de rescate e a implantar un plan de axuste. **O máximo que fixa a lei son 30 días, a media dos municipio de todo o Estado Español está en 45 días, o Concello de Cuntis presenta unha cifra de 323 días, segundo os datos do Ministerio de Hacienda (decembro 2021).** Polo tanto, a intervención do concello de Cuntis, debido á débeda que o goberno socialista acumula sen pagar é **un procedemento obrigado, non unha alternativa escollida polo Alcalde Manuel Campos**, que era como presentaba este rescate en días pasados.

O pasado luns 21 o PSOE aprobou a subscripción dun préstamo por máis de 608.000 €, que responde a unha parte da débeda xerada ata o 1 de xullo de 2021. Foron rexeitadas máis de cen facturas por valor de case 70.000 € e está aínda sen pechar o exercicio 2021, e polo tanto sen contabilizar a débeda do segundo semestre. **A segunda mentira do alcalde socialista Manuel Campos neste asunto é dicir que o préstamo abarcaba o montante total de débeda do concello.** Mentira. O montante total da débeda coñecerémolo cando se peche o 2021. Se ben o PSOE anunciaba, a modo de descargo de responsabilidade (?), que existen facturas impagadas dende 2011, o importe da débeda multiplícase exponencialmente a partires de 2017 e moi especialmente arredor das eleccións municipais de 2019 (nas que o PSOE colleitou maioría absoluta), tal e como indican os datos do Ministerio de Hacienda.



Exercicio	Importe total da débeda
2017	179.687,17
2018	290.199,52
2019	585.162,99
2020	790.689,30
2021	(<i>aínda sen pechar</i>)

**fonte: Ministerio de Hacienda*

No referido ao Plan de Axuste, as medidas presentadas son, entre outras, **as subas do IBI, do IVTM, dos valores catastrais, o cobro á hostalaría pola colocación de terrazas e o cobro polo servizo municipal de emerxencias, ademais dunha serie de promesas xenéricas que non fan referencia ningunha ao gasto superfluo**, nomeadamente ao exceso en publicidade, propaganda e autobombo. **Veciñanza votou en contra deste documento por tratarse dunha proposta escasamente rigorosa**, na que recoñece o Alcalde que debe ‘estimar’ algúns ingresos e parámetros, **un plan pouco serio e unha agresión fiscal aos veciños e veciñas de Cuntis xusto no momento no que atravesamos unha crise económica de gran calado**.

Os veciños e as veciñas de Cuntis teremos que pagar cunha suba de impostos a demencial xestión económica do PSOE, que acumula facturas sen pagar cunha vinculación directa coa precampaña electoral de 2019. O voceiro de Veciñanza, Santi Martínez, concluíu no pleno do pasado luns que **“pagaremos máis polas nosas vivendas, coches, motos, tractores... pagará máis a hostalaría polos seus negocios, para que entre todos paguemos o préstamo das facturas que o PSOE decidiu non pagar”**.

Mención especial hai que facer do comportamento exhibido polo Alcalde cando, unha vez máis, suprimiu a quenda de réplica aos grupos da oposición. **Non é a primeira vez que o Señor Campos demostra un autoritarismo de corte machista realmente impresentable nas sesións plenarias**. De xeito totalmente arbitrario negounos a palabra aos grupos da oposición berrando “*se acabó*” e impedindo contestar a súa intervención. A arrogancia no comportamento e a mentira descarada na exposición converteuse en marca da casa do goberno socialista. **Dende Veciñanza lamentamos, rexeitamos e condenamos estes comportamentos do señor alcalde, que nos nega a quenda de palabra aos grupos da oposición cando contradicimos a súa propaganda e criticamos a súa nefasta xestión**. O Alcalde de Cuntis compórtase como se Concello fose da súa propiedade, como se os fondos públicos lle pertencesen e como se os concelleiros/as da oposición fóssemos intrusos no seu curral.

Ademais, no pleno do pasado luns 21 foi aprobada a nosa moción para a rehabilitación d’O Monumento (Parque de Maráns). Sorprende a abstención do PSOE, malia que o noso voceiro Santi Martínez lle recordou ao grupo socialista que a moción contiña un parágrafo extraído textualmente do programa electoral do propio PSOE. O Alcalde escudouse nun suposto proxecto redactado fai máis dunha década que nin veu a luz nin apareceu nunca en ningunha partida orzamentaria para non votar a favor da moción de Veciñanza.

